



Paraíso  
entre ríos

# INFORMACIÓN MUNICIPAL



## Bo Nadal

Estamos de novo en tempos de Nadal; cando o ano remata, toca facer algunhas reflexións que veñen a centrar o traballo realizado.

Neste momento, Paderne é membro do Consello Reitor da Rede+ Biodiversidade da FEMP a nivel de España, e pertencemos á Rede de Concellos polo Clima (RCC) e á Rede Rural Nacional (RRN)

Paderne, representado polo seu Alcalde, tivo o honor histórico de conseguir en París o recoñecemento, por parte da Unesco, da Reserva da Biosfera "As Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo" que forman 20 concellos e ostentar a súa Vicepresidencia.

Paderne forma parte da Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos que xestiona o programa Leader Galicia 2014-2020, que con fondos europeos, ten como obxectivo apoiar pequenas iniciativas conducentes a mellorar a calidade de vida e xerar emprego en 17 concellos, ostentando igualmente a súa Vicepresidencia.

Paderne, pola súa condición de concello costeiro, forma parte do Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro, GALP-Golfo Ártabro Norte, que abrangue a 9 concellos desde Paderne a Ferrol e que xestiona tamén fondos europeos para levar a diante proxectos co obxectivo de mellorar as condicións de vida e de traballo na nosa zona, sendo tamén, neste grupo, o Alcalde de Paderne o seu Vicepresidente.

Podemos, por tanto, con modestia e cos pés na terra, estar **orgullosos** de que un concello tan pequeno como

o noso, traballe intercambiando ideas e información en foros a nivel provincial e nacional.

A seguinte reflexión é: ¿que problemas temos?

**A seca** estamos levando a unha situación límite. Para manter o subministro actual tratamos de xestionar o mellor posible os mananciais e pedímosvos a vosa colaboración tendo un consumo responsable.

Iniciamos xa, por vía de urxencia, novas captacións por medio de pozos industriais para reforzar o subministro actual e poder tamén activar a traída construída co plan Zapatero para acometer novos subministros.

**O emprego** é outra das preocupacións que nos ocupan, por iso estamos traballando na implantación dunha Incubadora de Empresas e novos espazos de Coworking que axuden a instaurar iniciativas de traballo apoiadas polas axudas europeas do GDR e do GALP que dinamicen o noso Concello desenvolvendo actividades agropecuarias e derivadas das actividades pesqueiras de xeito innovador para que os nosos mozos teñan oportunidades de traballo.

Queremos que Paderne sexa o Concello Piloto para desenrolar o Programa EMPRENDE da Reserva da Biosfera.

Estas son as nosas preocupacións e en resolvelas, poñeremos todo o empeño.

O amor polo noso Concello demostrámolo coidándoo e mimándoo; para elo non debemos esquecer reciclar o lixo e manter limpos os montes para defendernos dos incendios.

Así, entre todos, faremos de Paderne un exemplo de desenvolvemento sostible.

Para estas entrañables datas de Nadal desexo, xunto con toda a Corporación, que a paz, a saúde e a felicidade, estean presentes nos vosos fogares e nos vosos corazóns.

O voso Alcalde.

## XI Asemblea en Logroño da Rede Española de Cidades polo Clima (RECC)

Foi os días 2 e 3 de novembro. A Rede Española de Cidades polo Clima é unha sección da FEMP (Federación Española de Municipios e Provincias) formada por Gobernos Locais que están a integrar nas súas políticas accións encamiñadas á mitigación do cambio climático.

Ademais da Asemblea, desenvolveéronse talleres sobre a adaptación ó cambio climático co apoio da Oficina Española de Cambio Climático.

O Alcalde aproveitou para recoller as propostas que mellor se adaptan a Paderne e comprobou que as medidas que se están a tomar, tales como o cambio de farolas no alumeadado público por unhas de baixo consumo ou as accións adoptadas para a mellora na reciclaxe, van en consonancia coa conservación do medio ambiente dun concello Reserva da Biosfera.



*O Alcalde participando nun dos talleres*

## Intercambio de experiencias entre O Galp-Golfo Ártabro Norte e o Galp-Sector Pesqueiro (Aderlan) en Lanzarote

O Alcalde e Vicepresidente do Galp-Golfo Ártabro Norte, acompañado pola Presidenta e membros da Xunta Directiva, realizaron unha viaxe de intercambio de experiencias a Lanzarote co Galp-Sector Pesqueiro (ADERLAN) os días 14 ó 18 de novembro.

Os obxectivos eran:

- A cooperación entre os Grupos de Acción Costeira
- Intercambio de experiencias e boas prácticas
- Establecer as bases para futuros proxectos de cooperación entre ambos Grupos
- Coñecer proxectos e accións financiados cos programas FEP 2007-2013 a este Grupo
- Captar ideas novas de comercialización e de actividades
- Coñecer as actividades e sinerxias coa Reserva da Biosfera desde a óptica dun Galp en Lanzarote.

Con esta visita o Alcalde espera trasladar ideas e proxectos para os emprendedores de Paderne relacionados co sector do mar e aportar así beneficios ó tecido social e económico do Concello.



*Os membros da directiva do Galp-Golfo Ártabro Norte e do Galp-Sector Pesqueiro (ADERLAN)*

## Visita a viveiros de empresas de Cataluña

Realizouse os días 20 e 21 de novembro. O Alcalde e Vicepresidente do GDR-Mariñas Betanzos e Terras do Mandeo, xunto co técnico do GDR e representantes do Concello de Cambre, desprazáronse a Cataluña con fin de recoller ideas para poñer en marcha o primeiro viveiro de emprendemento da Comarca na parroquia de Souto.

Neste viveiro de emprendemento para empresas relacionadas co mar e a pesca da zona e empresas agroalimentarias derivadas da horta, terá tamén cabida un viveiro de emprendemento vitivinícola para o Branco Lexítimo.

O Alcalde recolleu ideas útiles para a posta en marcha e implantación de empresas neste espazo a rehabilitar en Souto co fin de que sirva como punto de encontro da actividade económica de toda a Comarca e posta en valor do gran potencial dos produtos de Paderne.



*No Consell Comarcal*

## “Emprende na Biosfera”

O pasado venres 24 de novembro tivo lugar, na Deputación da Coruña, a sinatura do convenio de colaboración para o financiamento do Programa **“Emprende na Biosfera”**. Estiveron presentes o Presidente da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo e Alcalde de Abegondo, José Antonio Santiso, o deputado de Promoción Económica e Emprego da Deputación da Coruña, José Luís García, e o Alcalde de Paderne e Vicepresidente da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, César Longo.

O obxectivo deste Programa é o apoio ós proxectos emprendedores que teñan como base o aproveitamento sostible dos recursos rurais, do mar e do litoral.

Conta cun orzamento de **56.250 €** e, durante un ano, están previstas varias accións:

- Impartición de cursos formativos
- Accións de titorización
- Acompañamento de proxectos
- Posta en marcha de marcas de calidade

Este acordo ven a reforzar as accións que se están a levar a cabo, tanto desde a Reserva da Biosfera, como desde a Deputación da Coruña de fomento do emprendemento no ámbito rural e de favorecer a posta en marcha de novas iniciativas empresariais, principalmente vinculadas ó sector agroalimentario nos 17 concellos que compoñen o espazo desta Reserva.

A Reserva da Biosfera leva cinco anos poñendo en práctica accións deste tipo en colaboración con outras institucións como a Xunta de Galicia. Así, a iniciativas como as previstas neste convenio, súmanse outras como o obradoiro de emprego “Reserva da Biosfera: emprego sostible” que se está a desenvolver nas especialidades de floricultura e produción de sementes e plantas en viveiro entre os concellos de Abegondo, Bergondo, Betanzos, Carral, Coirós, Oza-Cesuras e Paderne dando emprego e formación a un total de 20 alumnos.

Grazas a este tipo de actuacións, nos últimos catro anos, uns 400 mozos recibiron unha formación que lles posibilitou a posta en marcha de proxectos empresariais.

O que se pretende con este programa de emprendemento, é que o concello Piloto sexa Paderne, o que suporía un valor endadido e prestixio para Paderne.

## Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia Municipal (Plan Único De Concellos) "POS + 2018"

Neste Plan, que pretende dar resposta á situación e necesidades concretas de cada concello reforzando a súa autonomía e responsabilidade, están incluídas as seguintes obras:

- **Na parroquia de Adragonte:**
  - ✓ Acondicionamento do campo da festa de Areas con base de aglomerado
  - ✓ Camiño da Asnería
  
- **Na parroquia de Quintas:**
  - ✓ Acondicionamento da estrada Casa do Concello – Igrexa de Quintas – núcleo do Pazo – núcleo do Couto
  - ✓ Pistas e núcleo de Sanín
  - ✓ Camiño do Vilar á Costa
  
- **Na parroquia de Paderne:**
  - ✓ Camiño dos Amboades a Paderne de Abaixo
  - ✓ Camiño acceso ó Telleiro
  - ✓ Camiño Telleiro a San Pedro
  
- **Na parroquia de Vigo:**
  - ✓ Núcleo Esperela
  - ✓ Camiño cruce do Cais – Central do Zarzo
  - ✓ Núcleo de Vigo
  
- **Na parroquia de Obre:**
  - ✓ Núcleo Caserón á Fonte

Por un importe total de **153.741,57 €**

## Plan complementario do POS + 2018

Por un importe de **106.285,17 €**, están incluídas as seguintes obras:

- **Na parroquia de Souto:**
  - ✓ Acondicionamento núcleo de Chantada
  - ✓ Acementado núcleo aldea de Souto
  - ✓ Aglomerado de Souto – Vilademeus
  
- **Na parroquia de Vilamourel:**
  - ✓ Camiño estrada Vilamourel a Ponte de Teixeira

## Primeiro pago das actividades de adultos

Están suxeitas a pago as seguintes actividades: INFORMÁTICA – MANUALIDADES E PINTURA – PILATES – COCIÑA – CORTE E CONFECCIÓN – BARRO E CERÁMICA – LABORES – COIRO – AEROBIC

A actividade de XIMNASIA DE MANTEMENTO é gratuíta.

Custo para as actividades dunha hora á semana			Custo para as actividades de dúas horas á semana		
Nº actividades	1ª Cota	Total curso	Nº actividades	1ª Cota	Total curso
1 actividade	27 €	54 €	1 actividade	32 €	64 €
2 actividades	49 €	98 €	2 actividades	59 €	118 €

## Exposición do Camiño Inglés

Do 10 ó 24 de xaneiro de 2018, vamos a contar cunha exposición que vai a estar aberta ó público nas dependencias do Centro de Maiores.

Trátase de 34 obras; unha colección de augastintas sobre o patrimonio construído máis significativo do Camiño Inglés, tanto dende a vertente de Ferrol como dende a Coruña.

As obras, enmarcadas en madeira de bidueiro, van a contar todas elas coa identificación do recurso turístico representado.

Esta exposición da Deputación da Coruña, ven acompañada con folletos explicativos que cada visitante poderá levar para a súa casa e así identificar un pouco máis a riqueza do patrimonio con que conta o noso territorio.

## Intervencións do Alcalde no programa de Radio Voz

A comezos de ano, o Alcalde terá unhas intervencións en directo no programa matinal de Radio Voz; serán nas seguintes datas:

XANEIRO: os martes 9 e 23

FEBREIRO: os martes 20 e 27

MARZO: os martes 13 e 27

Todos elas en horario aproximado de 9:40 h e nelas trataranse temas de actualidade no Concello.

## Programación de Nadal

**Concerto de Nadal.** - Será o día **18 de decembro** ás 20:00 horas no Salón de Sesións da Casa do Concello. O músico Mijail Moriatov será o encargado de dirixir este clásico das datas do Nadal.

**Festa de Nadal.** - O Concello organiza unha festa de Nadal para os pequeniños das escolas de Educación Infantil o día **20 de decembro**. Ás 11:00 horas unha divertida representación para os pequeniños, dará paso á visita de Papá Noel que se achegará a recoller as súas cartas ata Paderne.

### Cabalgata de Reis 2018


O día **4 de xaneiro** ás 14:30 h está prevista unha recepción na Casa do Concello con motivo da visita das Súas Maxestades. Despois de ser recibidos polo Alcalde pasarán, xunto coa Comitiva Real, a facer o percorrido por tódalas parroquias de Paderne antes da chegada ó polideportivo municipal ás 18:45 h.

O Alcalde, xunto co Equipo de Goberno, desprazaranse ata alí para recibilos e participar, xunto con todos aqueles que este día acudan, da ilusión e a maxia desta tradición.

Ademais de poder saudar ós Reis e darlles as cartas, está programado un espectáculo de maxia como remate deste día de festa.

Este día haberá agasallos para os participantes no **"Concurso de Nadal"** no que poden participar tódolos rapaces e rapazas de entre 3 e 12 anos. Todos deben estar empadroados no Concello de Paderne.

Os traballos poderanse entregar ata o día **19 de decembro**.



## ITV de vehículos agrícolas

Do 27 ó 29 de decembro realizarase a inspección técnica de vehículos agrícolas no campo de O Telleiro, en Paderne.

Os interesados poderán pedir cita anticipada para poder pasar a revisión dos seus vehículos chamando ó teléfono 902 30 90 00 ou na páxina web: [www.sycitv.com](http://www.sycitv.com) – Cita previa.

As horas que vai a estar este servizo en Paderne son de 9:00 a 13:30 horas e de 15:15 a 18:00 h. De luns a venres.

## Aulas de Conciliación

Vanse a poñer en marcha durante as vacacións de Nadal para tódolos menores de entre 3 e 12 anos empadroados no Concello.

Veñen a facilitar a conciliación da vida familiar e laboral a todas aquelas familias nas que ambos proxenitores traballen.

Os nenos e nenas poderán disfrutar de actividades adaptadas ás súas idades e en consonancia coas datas que se celebran.

Estarán en funcionamento do 22 de decembro ó 5 de xaneiro e as familias que cumpran as condicións para solicitálas e estean interesadas, poden facelo ata o 19 de xaneiro.

